

Presentación do libro sobre M. RODRÍGUEZ LÓPEZ en Paradela (19-9-01)

Presentamos hoxe en Paradela un libro especial, dun home especial, escrito por un autor tamén especial. Escrito co corazón, que trata dun home que foi todo corazón. Un libro sobre MANUEL RODRÍGUEZ LÓPEZ, de Paradela; escrito por MANUEL BLANCO, que presenta o voso Alcalde, ó que eu fago a introducción, e ó que pon remate XESÚS MATO, crego nado en Paradela.

E vimos presentalo ó lugar máis axeitado, pero quizais tamén ó máis difícil. Ó máis axeitado, porque aquí é onde vos estades formando os que no futuro ides goberna-las terras de Paradela e darlle a esta terra rumbos de futuro.

O máis difícil, tamén, paréceme a min porque ó ter sido alumno antes que falador, sei que os rapaces estades para poucas lerías e que hai que procurar dicir o que corresponda de xeito breve e axeitado. Porque ten que ser preocupante para vós estar aquí, agora, para que vos soltemos un rolo sobre alguén que ó mellor non tedes nin idea de quen foi. E, o que é peor, que quizais coidades que non vos interesa.

E eu vou ser moi breve para dicirvos por que me parece a min que debedes ler o libro que hoxe presentamos e que por xentileza do Concello de Paradela vai ir a tódalas casas do Concello.

É un libro que escribe Manuel Blanco Castro sobre Manuel Rodríguez López, un home de Paradela, Fillo Predilecto deste Concello, que está enterrado no panteón de paradelenses ilustres, no cemiterio da vosa capital.

¿Os seus méritos?... Veredes: Hoxe fálase a cotío das “pateras” que traen emigrantes do Magreb hacia España buscando un difícil xeito de vivir. Hoxe este País atrae xentes de países moito máis pobres e atrasados que ven aquí, e no resto de Europa, un lugar onde poder traballar e progresar. En tempos (hai hai trinta, corenta anos), os que emigrabamos eramos os galegos, os vosos avós, ó mellor os vosos pais, os nosos parentes... que buscaban simplemente vivir, pero á forza fora da súa terra.

Cada emigrante era un heroe. Cada emigrante era un desarraigado que tiña que deixar a terra, a casa, a familia, e ir mundo adiante... Este libro é como unha crónica da sociedade daquel tempo a través da vida de Manolo: “A nai do neno viuse na obriga de irse a traballar a Barcelona, mentres que seu pai era incorporado a filas a causa da Guerra Civil do 36 ó 39, cando o neno apenas contaba dous anos.

O matrimonio somentes se podía comunicar por medio da Cruz Vermella, e cunha rigurosa censura que non lles permitía escribir máis de quince palabras”. Manolo Rodríguez foi emigrante ós seis anos.

E a pesar deso (quizais precisamente por eso) sempre se declarou de Paradela, o seu norte era Paradela, e en tódalas súas obras, en tódolos seus artigos saía a “Patria dos seus antergos, Paradela”. En Barcelona, onde foi o cronista das actividades dos galegos, sabíase que existía Paradela porque dalí era Manolo.

Se me apurades, o libro podédelo ler ata como unha novela de aventuras... Velaquí un anaco: Manolo Rodríguez foi bautizado o 2 de xaneiro de 1935 polo crego Ramón Losada Varela. Este crego debía ser un pouco atravesado e non vía con bos ollos que o neno fose apadriñado por Marcelino López López, por ser político progresista.

Como chegaría a ser a cousa que na propia igrexa o crego Ramón Losada chegou a sacar unha pistola, e o pai de Manolo Rodríguez tivo que darlle un manotazo na man que fixo caer a arma, que se disparou no chan.

A verdade é que eran outros tempos, e eu non me imaxino ó crego Mato armado con pistola na igrexa. Afortunadamente os cregos hoxe usan a arma da palabra e dos feitos. No caso de Mato pode ser incluso máis temible.

Pero se ledes o libro veredes que, sobre todo, é unha declaración de amizade do autor, Manolo Blanco, emigrante tamén toda a súa vida, por Manolo Rodríguez; unha obra “redonda” onde se conta a historia dun home sinxelo, escritor e boa persoa, grande na súa modestia... onde se demostra que homes coma este son os que fan que os pobos sexan verdadeiramente importantes.

Paradela sería máis famosa se aquí nacesse un gran actor, un gran cantante... Chegaría con que alguén de por aquí saíse asiduamente na televisión... Pero Paradela é moito máis entrañable, moito máis grande, por haber dado a luz xente como Manolo Rodríguez, un Excelentísimo Señor.

Como xa non se pode poñer colorado aínda que me escoite (que eu sei que onde está escóitame), poido dicir que Manolo Rodríguez era o mellor home que eu coñecín, e nunca escoitei a ninguén que falase mellor da súa terra... Como Xesús Mato xa é comprensivo de natural coas miñas faltas, poido dicir sen que soe a pelota que é un exemplo de crego, e sempre lle estarei agradecido de ter coñecido a Manolo gracias a el que, por certo, sempre deixa sempre moi claro que el,

Cabodevila, é de Paradela.. Como Manolo Blanco se pon bastante nervioso cando fala, non me vai chamar a atención por dicir del que é un gran cacho de pan, de tremenda humanidade, un sabio homilde e sinxelo que se emociona coa vida e ten un sentido da amizade que só os que somos os seus amigos sabemos que grande é... E como eu non voto nin aspiro a cargos en Paradela poido dicir sen rubor que este outro Mato que é o voso Alcalde, sabe recoñecer como ninguén quen quere a Paradela, e sabe emprender accións – a publicación deste libro é unha delas –que o acreditan como político xusto e cabal.

En fin, rapaces de Paradela: Debedes levar ese libro á casa, recomendárillelo ós vosos pais, ós vosos avós... E, se vos peta, leelo. E se non queredes leelo agora, ¡ala vos!... ¡Gardádeo!, porque chegará un día en que o leeredes, e arrepentirédesvos de non telo lido antes. E se non, ¡xa o veremos!.